

**DIÓCESE
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**CONSELLOS
PASTORAIS
PARROQUIAIS**

(Estatuto-Marco)

I. NATUREZA E FUNCIÓNS

1. Introducción xeral

O Consello Pastoral Parroquial (CPP) é un organismo ó servicio da comunidade co Bispo e coa Igrexa Diocesana, expresada a través da unidade entre os gregos, relixiosos e laicos que asumen a súa responsabilidade apostólica dentro do ámbito dunha parroquia.

Anque o seu campo normal de atención é a vida da parroquia, estará tamén aberto á do arciprestado, da vicaría e da diócese enteira.

Non é, por iso, unha estructura ou institución máis, senón o organismo básico para vivi-la comuñón eclesial, exerce-la corresponsabilidade e coordinar toda a tarefa evanxelizadora dunha comunidade parroquial.

2. Definición

O CPP é un organismo formado por cristiáns responsables que programa, motiva, coordina e revisa toda a acción pastoral da comunidade parroquial en comuñón coa Igrexa local e universal.

3 Características

O CPP é un organismo representativo, permanente e consultivo.

Representativo de toda a vida parroquial, dos seus distintos estamentos eclesiáis, institucións, sectores, movementos e grupos pastorais.

Permanente, pois está constituído por membros estables durante o período de tempo establecido nos Estatutos, renovables seguido se indica neles.

Consultivo, en razón da natureza do seu voto (of. CIC, c. 536), anque iso non reste nada á forza moral dos acordos tomados por maioria. Estes poderán ser de carácter decisorio cando concreten ó ámbito da parroquia as propostas do Consello Pastoral Diocesano (CPD) que o Arcébispo estableza sexan observadas na Diócese, ou cando o párroco llo conceda para cuestiós determinadas.

4. Competencias e funcións

En paralelo co CPD (cf. Motu Proprio *Ecclesiae Sanctae*, I, n.º 16,1), as competencias do CPP refirense a temas e cuestiós de carácter pastoral que afecten á vida e actividades do pobo de Deus no ámbito da parroquia.

Segundo isto, son funcións específicas do CPP:

- Estudiar, analizar e valora-la realidades da parroquia e do pobo de Deus a evanxelizar nela, para tratar de dárlle las repostaś pastorais más axeitadas.
- Estudiar concretamente as situaciós e problemas da parroquia para concretar que opcións pastorais deben tomarse en cumprimento dos planos e proxectos de ámbito diocesano.
- Convidar a tódolos católicos da parroquia a unha colaboración activa, animar ós que xa a prestan, acolle-las súas propostas e iniciativas para integralas nos planos pastorais.

- Elaborar ó comienzo de cada curso o plano pastoral da parroquia, concretando o calendario e mailos medios para levalo a cabo.
- Revisar ó fin de cada curso as accións pastorais que se realizaron e ver como se cumpliu o plano pastoral programado.
- Participar, mediante representantes nomeados con ese fin, na programación, realización e revisión do traballo pastoral conxunto de sector e vicaría, así como nas tarefas do CPD.

II. COMPOSICIÓN

- 1º. O CPP está formado por fieis -tanto cregos e relixiosos, coma sobre todo laicos- que estean en comunión coa Igrexa e destaqueñ pola vivencia da súa fe e bos costumes. Os seus compoñentes representarán verdadeiramente ó pobo de Deus, que constitúe a parroquia, tendo en conta as diversas procedencias, situacóns e niveis de participación nas tarefas eclesiais.
- 2º. O CPP estará integrado polo número de persoas que en cada parroquia se estime necesario, habida conta dos seus habitantes, institucións eclesiásticas que actúan nela, campos pastorais e de apostolado específico que se afenden, etc.. Evitaránse Consellos de composición tanto masiva coma mínima, que impidan o funcionamento áxil e representativo.
- 3º. En todo caso, o CPP estará formado por tres clases de membros: **natos**, por razón do cargo ou responsabilidade que exerceen na parroquia; **electos** polos fieis das distintas

procedencias; e designados por acordo entre os dous grupos anteriores, para completa-la composición do CPP.

4º. Son membros natos do CPP as seguintes persoas:

- o Párroco ou quen realice as súas funcións;
- os Presbíteros e Diáconos con cargo pastoral na parroquia;
- obviamente o Arcebispo, o Bispo Auxiliar e o Vicario Episcopal, se participa.

5º. Son membros electos do CPP as seguintes persoas representando as distintas institucións, asociacións e actividades pastorais da parroquia:

- un membro do Consello de Asuntos Económicos establecido segundo o canon 537;
- un membro de cada comunidade relixiosa e instituto secular canonicamente establecido na parroquia;
- un membro de cada asociación e movemento apostólico lexitimamente actuante na parroquia;
- representantes das distintas accións pastorais realizadas na parroquia: catequese, liturxia, acción caritativa, catecumenados xuvenís e de adultos, misións, etc.

O seu número debe superar, en todo caso, o 50 por cento do total de CPP.

6º. Son membros designados do CPP, por acordo acordado entre os membros natos e mailos electos, as persoas que se consideren precisas para completa-la composición do CPP por árees, sectores, institucións, etc. O seu número pode ser variable e nunca superará o 25 por cento do total do CPP.

III. FUNCIONAMENTO E ÓRGANOS

1. Os membros natos do CPP serán mentres permanezan no seu cargo, sendo substituídos de contado por quen pasen a ocupalos, Os electos serán nomeados por un período de catro anos e poderán ser renovados por metade cada dous anos para favorecer la estabilidade do CPP; se cesan antes do remate do seu mandato, serán substituídos por quen os segan en número de votos. Os designados, serán tamén por catro anos; se causan baixa, serán substituídos por outros nomeados segundo o mesmo procedemento, no caso en que o Pleno o considere necesario.
2. Os membros electos e designados poderán cesar antes do cùadriénio por renuncia voluntaria ou por acordo do Pleno, debido a un incumprimento demostrado das condicións esixidas polo CIC.
3. Para o seu funcionamento ordinario o CPP constará , polo menos, dos seguintes órganos: Presidente, Secretario e Pleno. Poderá establecer tamén, se os considera necesarios, outros órganos coma a Comisión Permanente, Comisións especializadas, etc.
4. É *Presidente nato* do CPP, segundo o canon 536 de CIC, o pátroco ou quen desempeñe as súas funcións de forma estable. Son funcións súas:
 - aproba-la orde do dia e convoca-las reunións;
 - presidi-las sesións e nomear-los moderadores das mesmas;
 - aproba-los acordos e darlles vixencia;
 - publica-los acordos e propostas que considere oportuno.
- 5 O *Secretario* do CPP será elixido polo Pleno, de entre os seus membros, polo procedemento que se considere máis idóneo, para un período de catro anos, podendo ser reelexido.

Son funcións súas:

- citar ós conselleiros, enviárlle-la orde do día e maila documentación oportuna, así como prepara-lo lugar e o mellor servicio das xuntanzas;
- levantar acta do tratado e velar polo seu cumprimento, cursa-la correspondencia, arquivar e custodiar toda a documentación;
- elabora-los informes que o Pleno ou a Presidencia considere precisos.

6. O *Pleno* do CPP é a máxima representación deste organismo e está constituído pola reunión de todos os seus membros lexitimamente convocados. Non poderá celebrarse unha sesión sen se ter alcanzado o quorum requerido da metade máis un dos seus membros.

Son funcións súas:

- estudia-los temas da orde do día, as propostas que faga o Presidente e as cuestións que xurdan nas sesións;
- considera-los temas da orde do día por comisión, ponencia, xuntanza de grupos ou calquera outro procedemento que se determine para o seu mellor estudio;
- presentar como propostas súas aquelas que teñan acadada a mayoría absoluta de votos dos asistentes á sesión.

7. Para a constitución e funcionamiento doutros órganos de CPP (Comisión Permanente, Comisións específicas, etc.) estableceranse procedementos semellantes ós utilizados polo CPD.

8. O CPP reunirase de forma ordinaria unha vez ó trimestre, e extraordinariamente cando o Presidente ou polo menos un tercio do Pleno así o requiran. En todo caso, as xuntanzas faranse

mediante orde do día aprobada polo Presidente e citación feita polo Secretario con sete días de anticipación.

IV. DISOLUCIÓN OU CESAMENTO

1. O CPP poderá ser disolto polo pároco , ou polo moderador do equipo parroquial, cando o aconsellen graves razóns pastorais, despois de ter obtido o consentimento do Arcebispo. Sen embargo, ó cesa-las graves razóns que motivaron a súa disolución, deberá constituirse de novo canto antes.
2. Ó quedar vacante a parroquia, o CPP cesará nas súas funcións, ata que o novo pároco ou moderador do equipo parroquial o confirme ou constitúa de novo.

V. DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

- 1^a. O presente Estatuto-Marco ofrécese como axuda e material orientativo para que as parroquias poidan elabora-los estatutos dos seus Consellos Pastorais durante o tempo da sé vacante. O novo Arcebispo decidirá se o presente Estatuto-Marco segue a ser válido ou deberá ser reelaborado tras de oír ó pleno do Consello do Presbiterio e do CPD.
- 2^a. Os estatutos dos CPP que se elaboren durante a sé vacante seguindo as orientacións deste Estatuto-Marco, sempre que estean axustados a dereito, recibirán a súa aprobación por un ano.
- 3^a. Instase a constituí-lo CPP en tódalas parroquias da Diócese no tempo máis breve posible, especialmente naquelhas cun censo superior ós mil habitantes.